



**PROPOSTA PRELIMINAR PARA A PLANIFICACIÓN DO PROCESO PARTICIPATIVO PARA A ELABORACIÓN DUN DOCUMENTO BASE PARA UN ANTEPROXECTO DE LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS E PARA A REDACCIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.**

**1. OBXECTIVOS**

O plan cuxo borrador se presenta cubre dous procesos:

- Elaboración dun documento base para a elaboración dun anteproxecto de Lei en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia a través dun proceso participativo
- Redacción do devandito anteproxecto de Lei a partir do documento base

**2. MARCO NORMATIVO E COMPETENCIAL**

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, trala súa aprobación polo Parlamento de Galicia en 2007, foi modificada por diversas leis posteriores, principalmente pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. A derradeira modificación foi a través da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. Esta derradeira lei introduciu os seguintes aspectos destinados a melloralas:

- A posibilidade de declarar perímetros de alto risco de incendios naqueles lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios forestais
- A declaración de utilidade pública das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á defensa e loita contra os incendios forestais,
- A posibilidade de elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas
- A introdución de medidas xerais en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración Autonómica Galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, entre as que se inclúen, especificamente as competencias en materia de prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida neste decreto. O Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que corresponde á Dirección Xeral de Defensa do Monte o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.



Polo tanto, corresponde á Dirección Xeral de Defensa do Monte impulsar o proceso de elaboración dun documento que sexa a base do que será o futuro anteproxecto da nova Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

### **3. PROCESO PARTICIPATIVO**

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, impulsará o proceso participativo a través do cal se elaborará o documento de base do anteproxecto da nova Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Para impulsar o proceso, a Dirección Xeral de Defensa do Monte contará co colaboración da Escola de Enxeñaría Forestal da Universidade de Vigo coa que se asinará o correspondente convenio de colaboración.

O proceso participativo incluírá actores internos da Consellería do Medio Rural e doutros ámbitos da Administración Autonómica e a actores da sociedade civil con interese no ámbito da prevención e defensa contra os incendios forestais ao que se invitará a participar.

### **4. ASPECTOS A TER EN CONTA Á HORA DE PLANTEXAR UN CAMBIO NA NORMATIVA AUTONÓMICA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS**

Á hora de plantexar un cambio na normativa autonómica en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, cómpre ter en conta os cambios que se están a operar no eido en Galicia, cambios entre os que cabería destacar os seguintes:

- Cambios na estrutura e composición das formacións vexetais presentes nos montes e terreos forestais que son o resultado de múltiples factores combinados incluíndo o cambio climático, a aceleración do despoboamento e da fragmentación do poboamento, así como o abandono dos usos tradicionais agrícolas, gandeiros e forestais en parte do territorio. Compre tamén ter en conta os cambios de usos que se están a producir no rural e os cambios no espazo denominado de interface urbano-forestal, cunha expansión das especies vexetais leñosas.
- Cambios observados no comportamento do lume cara un comportamento máis virulento e máis impredecible que ata agora. Veñen derivados dos cambios mencionados no parágrafo anterior. Aínda que de momento non se dispón dunha serie histórica de datos suficientemente ampla que permita afirmar que eses cambios xa se consolidaron, convén non perder de vista situacións próximas no espazo e no tempo, como os que ser deron, por exemplo, nos lumes rexistrados en outubro de 2017 en Galicia, ou os rexistrados no verán de 2016 en Portugal, dos que hai múltiples exemplos noutros lugares e países.
- Os derradeiros cambios na normativa en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais enriba mencionados.
-



- A elaboración dun anteproxecto de Lei de mobilidade de terras impulsado por parte da Consellería do Medio Rural, que terá efectos na prevención dos incendios forestais.
- A sinatura, en 2018 e dos correspondentes adenda en 2019, do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

Os cambios mencionados no parágrafo primeiro e segundo dos anteriores apuntan a que nos próximos anos e décadas, será preciso dedicar un maior esforzo ás medidas de carácter preventivo, que obrigará á introducir novas ferramentas normativas, administrativas e técnicas.

## 5. GRANDES ÁREAS DE DISCUSIÓN

Como base para o inicio dunha discusión sobre os cambios normativos que se deberán abordar, propóñense as seguintes áreas de discusión, que teñen os seus antecedentes na Lei 3/2007, do 9 de abril:

ÁREA	TEMAS DE DISCUSIÓN
Modelo operativo público de Galicia (persoal e medios da Comunidade Autónoma e das Entidades Locais de Galicia)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Operativo de extinción</li> <li>• Operativo de vixilancia e detección</li> <li>• Operativo de prevención</li> <li>• Operativo de investigación das causas dos incendios forestais</li> </ul>
Territorio e priorización das accións preventivas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A revisión da definición das redes de xestión de biomasa e a simplificación do procedemento de xestión de biomasa</li> <li>• Reforzo e desenvolvemento das figuras de intervención administrativa como os perímetros de alto risco de incendio e as zonas de actuación prioritaria. Flexibilización da norma</li> <li>• Revisión e inclusión das distancias mínimas que deben respectar as novas repoboacións forestais recollidas no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia</li> </ul>
Prevención, limitacións aos usos do monte, regulación dos usos de lume, planificación no tempo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ámbito competencial e o reparto de competencias entre as distintas administracións públicas</li> <li>• O reforzo dos mecanismos de cooperación entre as administracións competentes e especialmente entre a administración local e a administración autonómica</li> <li>• A dotación dun carácter de ferramenta de cooperación inter-administrativa ao “Sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias” e á dotación de orzamento para a súa implantación; posible creación do ente “Executor das políticas</li> </ul>



	<p>públicas de prevención no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• A planificación das accións preventivas das que son competentes as distintas administracións:<ul style="list-style-type: none"><li>○ A administración autonómica</li><li>○ A administración local</li></ul></li><li>• A planificación das accións preventiva a levar a cabo polos grandes xestores de infraestruturas:<ul style="list-style-type: none"><li>○ Redes de autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas convencionais</li><li>○ Infraestruturas ferroviarias</li><li>○ Instalacións de produción e liñas de transporte de distribución de enerxía eléctrica, gas, incluídas as estacións de regulación e medida</li><li>○ Outros xestores</li></ul></li><li>• Revisión das disposicións que establecen limitacións nos usos do monte en relacións cos incendios forestais (pastoreo, caza, cambios de uso...)</li><li>• Revisión da regulación dos usos do lume, especificamente das queimas controladas e das actividades que supoñen un risco</li><li>• Revisión das limitacións doutra índole: acceso ao monte, uso de maquinaria e outras limitacións</li><li>• Revisión da regulación dos períodos de risco alto, medio e baixo para adaptalo aos cambios que se están dando no clima, cunha tendencia a un desprazamento do período de alto risco a datas máis tardías</li></ul>
--	---

O documento está aberto a que se especifiquen máis áreas de discusión e máis temas de discusión por todos aqueles actores invitados ao proceso participativo. A tal efecto, farase chegar o presente documento os devandito actores, para que poidan achegar as propostas que consideren oportunas antes do inicio do proceso participativo propiamente dito. As áreas de discusión, os temas de discusión e os grupos de traballo manteranse, modificaranse ou ampliáranse segundo proceda, a partir da achegas realizadas.

## 6. EQUIPO DINAMIZADOR E FACILITADOR DO PROCESO PARTICIPATIVO

Un equipo de persoas da Universidade de Vigo designado de mutuo acordo entre a devandita Universidade e a Consellería do Medio Rural asumirá as tarefas dinamización e facilitación do conxunto das persoas participantes e dos grupos de traballo. A Consellería do Medio Rural tramitará o correspondente convenio de colaboración coa Universidade que corresponda para que isto se poda levar a cabo.



## 7. GRUPOS DE TRABALLO E PERSOAS COORDINADORAS E RELATORAS DO GRUPO

Crearase un grupo de traballo por cada gran área de discusión. En cada grupo haberá unha persoa coordinadora e relatora.

Para o proceso participativo a Consellería do Medio Rural invitará a participar nos grupos de traballo aos seguintes colectivos:

- Unidades administrativas con dependencia orgánica e funcional da D.X. de Defensa do Monte, Servizos de Prevención de Incendios Forestais e Distritos Forestais das Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural
- Outras unidades administrativas con dependencia orgánica de Consellería do Medio Rural (Secretaría Xeral Técnica, D.X. de Estruturas Agrarias, Agader, Banco de Terras, Agacal etc.) ou adscritas a ela (Asesoría Xurídica)
- Xefaturas Territoriais da Consellería do Medio Rural e en especial os seus Servizos Xurídico-Administrativos
- Colectivos e categorías profesionais dos Servizos de Prevención de Incendios Forestais:
  - Persoal técnico
  - Persoal das Escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais
  - Persoal dos grupos de persoal laboral da Xunta de Galicia:
    - Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada helitransportada do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal condutor/a do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal condutor/a de brigada helitransportada do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal de brigada helitransportada do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba do SPDCIF
    - Oficial/a 2ª mecánico de maquinaria do SPDCIF
    - Bombeiro/a forestal oficial/a do SPDCIF
    - Vixilante/a fixo/a do SPDCIF
    - Vixilante/a móbil do SPDCIF
    - Emisorista do SPDCIF
    - Operador/a-Codificador/a do SPDCIF
- As Universidades Galegas
- O Centro de Investigación Forestal de Lourizán da Axencia Galega da Calidade Alimentaria – (AGACAL) adscrita á Consellería do Medio Rural
- Tódolos colectivos e entidades representadas no Consello Forestal de Galicia

Os grupos de traballo que se constituían, para as súas discusións, partirán dos seguintes documentos base:

- Lexislación galega en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais
-



- Documento xeral de análise e recomendacións sobre o Servizo de Prevención de Incendios Forestais de Galicia. Grupo de Expertos de apoio á Comisión do Parlamento de Galicia sobre Incendios Forestais (GEPF)
- Lexislación doutras Comunidades Autónomas en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais
- Lexislación en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais doutros países con condicións comparables aos que se dan en Galicia

O proceso participativo externo rematará coa redacción dun documento denominado “Documento base para un Anteproxecto de lei de prevención e defensa contra os incendios forestais “

## **8. EQUIPO COORDINADOR DO PROCESO PARTICIPATIVO**

Un equipo coordinador integrado por dúas persoas designadas pola Consellería do Medio Rural para asumir a coordinación dos traballos e a redacción final do documento base resultado do proceso participativo. Para tal fin, será asistida polo conxunto das persoas coordinadoras e relatoras dos distintos grupos de traballo que formarán parte, con ela, do grupo de redacción do documento base.

En principio, o equipo coordinador estará integrado polas seguintes persoas:

- Iñaki Bergaretxe, subdirector xeral de prevención da Dirección Xeral de Defensa do Monte
- José Antonio Vega, anteriormente investigador do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán

## **9. MÉTODO DE TRABALLO PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO PRELIMINAR E DO DOCUMENTO BASE**

En primeiro lugar constituiranse os grupos de traballo e designaranse as persoas coordinadoras e relatoras de cada grupo. Presentarase a proposta de calendario das xuntanzas dos grupos de traballos. Cada grupo procurará celebrar unha xuntanza por quincena e sempre que poida, dúas. Cada grupo de traballo fixará o seu calendario de xeito independente pero deberá coordinalo co equipo dinamizador e facilitador para poder facer posible que asista ao maior número posible de xuntanzas, de xeito que como mínimo, poida asistir a unha xuntanza de cada grupo por mes.

Os grupos de traballo abordarán as grandes áreas de discusión e irán elaborando propostas para a súa inclusión no documento preliminar e no documento base. Os grupos de traballo poderán propoñer temas de discusión adicionais aos inicialmente propostos para cada grupo.

A tarefa dos grupos de traballo é formular propostas concretas que poidan traducirse en disposicións dun texto legal, polo que vai moita máis aló de formular unhas recomendacións. As propostas finais dos grupos de traballo terán que ser o máis detalladas posibles e deberán deixar esbozado o que será o articulado da Lei. O equipo dinamizador e



facilitador participará de xeito ordinario nas xuntanzas dos distintos grupos de traballo, e sempre que sexa solicitada a súa presenza pola persoa coordinadora e relatora do grupo se por algunha causa específica é necesaria a súa presenza.

O equipo coordinador desenvolverá tarefas de coordinación en xeral e actuará en estreita colaboración co equipo dinamizador e facilitador.

Cada grupo de traballo, coordinado pola persoa coordinadora e relatora, elaborará unha proposta final que entregará ao equipo coordinador.

O equipo coordinador e as persoas coordinadoras e relatoras constituirán o grupo redactor do documento base. A súa tarefa será redactar os borradores e a versión definitiva do documento base.

O grupo de redacción do documento base presentará ao conxunto dos grupos de traballo un primeiro borrador do documento base. Abrirase un prazo para presentar propostas de modificación ou engadidos, que en principio, deberán ser consensuadas dentro de cada grupo de traballo. Pechado o devandito prazo, o grupo de redacción elaborará a versión final do documento base.

## **10. FERRAMENTAS PARA A ELABORACIÓN DO DOCUMENTO BASE**

O convenio de colaboración coa Universidade de Vigo incluírá o desenvolvemento dunha plataforma informática en entorno web para facilitar o proceso de elaboración do documento base. A plataforma permitirá recoller todas as achegas de todos os grupos e tratar os textos de xeito áxil e sistemático.

## **11. REDACIÓN DO ANTEPROXECTO DE LEI**

O convenio de colaboración enriba mencionado asinado entre A Consellería do Medio Rural e a Universidade de Vigo incluírá no seu obxecto a elaboración do anteproxecto de Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. O anteproxecto de Lei partirá do documento base.





## 12. CALENDARIO

	2019							Nº de xuntanzas grupos de traballo 2019
	Nov. 1ª Q	Nov. 1ª Q	Nov. 2ª Q	Dec. 1ª Q	Dec. 2ª Q			
Traballos	Convocatoria aos colectivos interesados para tomar parte no proceso participativo. Constitución dos grupos de traballo e presentación do calendario para as xuntanzas	Xuntanza 191111 (+191112) dos grupos de traballo	Xuntanza 191121 (191122) dos grupos de traballo	Xuntanza 191211 (+191212) dos grupos de traballo	Xuntanza 191221 dos grupos de traballo			- Hipótese menos favorable: 4 - Hipótese máis favorable: 7

	2020									Nº de xuntanzas grupos de traballo xan. a mai. 2020
	Xan. 2ª Q	Feb. 1ª Q	Feb. 2ª Q	Mar. 1ª Q	Mar. 2ª Q	Abr. 1ª Q	Abr. 2ª Q	Mai. 1ª Q	Mai. 2ª Q	
Traballos	Xuntanza 200121 (+200122) dos grupos de traballo	Xuntanza 200211 (+200212) dos grupos de traballo	Xuntanza 200221 (+200222) dos grupos de traballo	Xuntanza 200311 (+200312) dos grupos de traballo	Xuntanza 200321 (+200222) dos grupos de traballo	Sen xuntanzas (Semana Santa)	Xuntanza 200421 (+200422) dos grupos de traballo	Xuntanza 200511 (+200512) dos grupos de traballo	Xuntanza 200521 (+200522) dos grupos de traballo	- Hipótese menos favorable: 8 - Hipótese máis favorable: 16

	2020									Nº de xuntanzas grupos de traballo xuñ. a set. 2020
	Xuñ. 1ª Q	Xuñ. 2ª Q	Xul. 1ª Q	Xul. 2ª Q	Ago. 1ª Q	Ago. 2ª Q	Set. 1ª Q	Set. 2ª Q		
Traballos	Redacción primeiro borrador documento base	Presentación primeiro borrador documento base aos grupos de traballo Xuntanza 200621 grupos de traballo	Presentación propostas de modificación e engadidos Xuntanza 200711 grupos de traballo	Redacción versión final do documento base	Presentación borrador final do documento base Xuntanza 200811 grupos de traballo	Redacción anteproxecto de Lei	Redacción anteproxecto de Lei	Presentación anteproxecto de Lei Xuntanza 200921 grupos de traballos		4